

Concello de Ponteareas

CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
11285/2020	O Pleno

**CARLOS LÓPEZ QUINTÁNS, EN CALIDADE DE SECRETARIO DESTE
ÓRGANO,
CERTIFICO:**

Que, na sesión desenvolvida o 29 de decembro de 2020 se adoptou o seguinte acordo, con 20 votos a favor (8 do BNG, 5 do PP, 4 de ACIP e 3 do PSOE), **unanimidade** dos membros presentes:

O Concello de Ponteareas pretende evidenciar o seu interese polas necesidades e demandas dos nenos, nenas e adolescentes (en diante NNeA) da localidade, sentando as bases dunha política de proximidade e optimizando actuacións municipais concretas que se dirixan a mellorar a súa calidade de vida, considerándolles suxeitos de pleno dereito no marco do establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Coa elaboración deste Plan de Infancia e Adolescencia, preténdese dar resposta.

O presente Plan reflicte o resultado da análise da situación que vive a infancia e adolescencia de Ponteareas, nun momento especialmente delicado, vista polos ollos dos seus protagonistas e polos dos axentes sociais que interveñen no proxecto dentro do noso municipio. Desde esa perspectiva, este I Plan vai ter en conta tres puntos de actuación:

- Garantir a protección, prevención e promoción dos dereitos da infancia, profundando en como detectar, tratar e previr posibles casos de nenos, nenas e adolescentes en situación sociofamiliar vulnerable.
- Facer efectiva a participación, colaboración e coordinación no Plan, de todos os axentes implicados coa Infancia e Adolescencia de Ponteareas, especialmente a NNeA, nos termos establecidos no artigo 12 da Convención dos Dereitos do Neno, que indica que “Os Estados garantirán ao/á neno/a que estea en condicións de formarse un xuízo propio, o dereito de expresar a súa opinión libremente en todos os asuntos que lle afectan, téndose debidamente en conta as súas opinións, en función da súa idade e madurez”.
- Facer visible todo o que estamos a facer dende o Concello de Ponteareas a favor dos/as NNeA, para que este propósito de promoción

Concello de Ponteareas

Xardíns da Xiralda s/n, Ponteareas. 36860 (Pontevedra). Tfno. 986640000. Fax: 986660647



Cod. Validación: 467ZDCWHYS3YTPCSHYQFDFEFE | Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 26

Concello de Ponteareas

dos Dereitos dos Nenos/as e o I Plan de Infancia e adolescencia se manteña activo e vivo, entre todos os axentes implicados deste Concello.

Este plan inclúe tamén, como marco de referencia, o documento **“Construíndo Cidades Amigas da Infancia” de UNICEF, que describe a posta en marcha dun sistema local de goberno comprometido co cumprimento dos dereitos da infancia**, que planifica e leva a cabo as actividades necesarias para involucrar aos/as NNeA de forma activa e desde a perspectiva dos seus dereitos, asegurando un goberno local que toma decisións desde esta perspectiva e garante o acceso igualitario aos servizos básicos.

O conxunto das demandas, necesidades e problemas detectados no diagnóstico, súmanse aos cinco obxectivos xenerais da iniciativa Cidades Amigas da Infancia e aos 17 ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable) da axenda 2030, para ser traballados e incorporados como grandes retos ou prioridades na redacción do primeiro Plan Municipal de Infancia e adolescencia do Concello de Ponteareas.

Considerando canto antecede, **propono ao Pleno da Corporación Municipal:**


PRIMEIRO: Aprobar o Plan de infancia e adolescencia de Ponteareas, de data de novembro de 2020 que figura como documento anexo.

SEGUNDO: Notificar este acordo xunto co Plan, a UNICEF Comité Español e facelo público na web municipal e no portal de transparencia.

Sendo o texto do Plan aprobado o seguinte:

Índice:

1. Presentación
2. Contextualización
3. Resume diagnóstico:
 - Territorio
 - Datos Sociodemográficos
 - Resumo DAFO
4. Como se elaborou
5. Estrutura do Plan
6. Temporalización e destinatarios/as



Concello de Ponteareas

7. Seguimento e avaliación

8. Recursos

1. Presentación

O Concello de Ponteareas agradece a colaboración do persoal municipal que dun ou doutro xeito participou e facilitou a elaboración do Plan da Infancia e Adolescencia Municipal. Sobre todo daqueles departamentos que aportaron a información que fixo posible ter unha visión xeral da situación da infancia e mocidade na actualidade, como foron os de Estatística, Ensino, Deporte, Voluntariado, OMIX, Cultura, Igualdade, Servizos Sociais, Oficina Técnica, Turismo, Intervención...; así como á directora da Ludoteca, técnicos/as externos e ao conxunto de concelleiros e concelleiras; especialmente aos de Mocidade e Voluntariado, Benestar Social e Igualdade e de Ensino e Eventos e ao alcalde. As ANPA dos centros educativos que trasladan á Concellería de Ensino as necesidades e demandas das nenas, nenos e adolescentes de Ponteareas e participan e difunden as actividades e programas educativos que desenvolve o Concello. Aos centros escolares, ás súas direccións e docentes, que acollen e facilitan a celebración de actividades nos seus espazos e participan co seu alumnado nas reunións do Consello da Infancia e Adolescencia. Tamén agradecemos a formación, información e colaboración facilitada polas representantes e profesionais de UNICEF Comité Galicia, por apoiarnos e animarnos neste proxecto. E grazas sobre todo, ás nenas, nenos e adolescentes que tendes participado activamente en todo o proceso de elaboración deste Plan, a través de mesas de traballo, de reunións do Consello da Infancia e Adolescencia Municipal e nos Plenos Infantís celebrados na casa do Concello de Ponteareas. Deste xeito tendes participado nas actividades e na vida cotiá do municipio.

O goberno de Ponteareas é consciente de que na aplicación do Plan da Infancia e Adolescencia Municipal, sentando as bases dunha política transversal a todas as áreas, deberá facer efectiva a participación de todos os axentes sociais e políticos, de xeito que sexa posible detectar posibles casos de nenos, nenas e adolescentes en situación sociofamiliar vulnerable, logrando así a súa prevención, protección e desenvolvemento persoal. Tamén será fundamental dar a coñecer as actividades e recursos dos que dispón o municipio.

Mediante estas estruturas de participación deberanse recoller e reflectir as expectativas das entidades públicas e privadas de Ponteareas, das nenas, nenos e adolescentes do noso Concello, así como do resto da sociedade.

2. Contextualización

O Concello de Ponteareas, coa elaboración deste Plan de Infancia e Adolescencia, pretende evidenciar o seu interese polas necesidades e



Concello de Ponteareas

demandas dos nenos, nenas e adolescentes (en diante NNeA) da localidade, sentando as bases dunha política de proximidade e optimizando actuacións municipais concretas que se dirixan a mellorar a súa calidade de vida, considerándolles suxeitos de pleno dereito no marco do establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno.

O presente documento reflicte o resultado da análise da situación que vive a infancia e adolescencia de Ponteareas, nun momento especialmente delicado, vista polos ollos dos seus protagonistas e polos dos axentes sociais que interveñen no proxecto dentro do noso municipio.

Desde esa perspectiva, este I Plan vai ter en conta tres puntos de actuación.

- Garantir a protección, prevención e promoción dos dereitos da infancia, profundando en como detectar, tratar e previr posibles casos de nenos, nenas e adolescentes en situación sociofamiliar vulnerable.
- Facer efectiva a participación, colaboración e coordinación no Plan de todos os axentes implicados coa Infancia e Adolescencia de Ponteareas, especialmente a NNEA, nos termos establecidos no artigo 12 da Convención dos Dereitos do Neno, que indica que *“Os Estados garantirán ao neno que estea en condicións de formarse un xuízo propio, o dereito de expresar a súa opinión libremente en todos os asuntos que lle afectan, téndose debidamente en conta as súas opinións, en función da súa idade e madurez”*.
- Facer visible todo o que estamos a facer dende o Concello de Ponteareas a favor dos/as NNEA, para que este propósito de promoción dos Dereitos do Neno e o I Plan de Infancia e adolescencia se manteña activo e vivo, entre todos os axentes implicados deste Concello.

A metodoloxía seguida para a elaboración deste Plan é unha metodoloxía participativa na que tanto os nenos, nenas e adolescentes, como o persoal técnico municipal e os representantes das diferentes entidades relacionadas coa materia interveñen na elaboración do documento e, ao mesmo tempo, adquiriren un protagonismo cada vez maior na análise da súa propia realidade, na toma de decisións e na xestión dos recursos existentes.

Para iso farase necesaria a continuidade dun traballo transversal e multidisciplinar mediante a coordinación efectiva dos distintos axentes implicados en garantir, promover e defender os dereitos da infancia e adolescencia dirixidos cara a unha meta común.

Desta participación, destaca a escoita activa e permanente das propostas dos NNEA para contribuír á elaboración do I Plan e á mellora do Concello en xeral.



Marco de referencia

O I Plan de Infancia e Adolescencia do Concello de Ponteareas pretende desenvolver, no plano local, o que veñen propondo nos últimos anos as normativas, plans e estratexias a nivel internacional, estatal e autonómico, respecto do que deberían ser las políticas máis avanzadas a favor da infancia e adolescencia.

Así, o marco legal de referencia para este plan establéceo o artigo 10.2 da Constitución Española, cando sinala que as normas relativas aos dereitos fundamentais e as liberdades que o propio texto constitucional reconece deben ser interpretadas de conformidade coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais sobre estas materias ratificados por España.

Así pois, o **marco normativo internacional** de referencia en materia de Infancia e Adolescencia remítenos á Declaración dos Dereitos do Neno de 1959, que actualiza e adapta a Declaración Universal dos dereitos humanos de 1948, considerando ao neno e á nena como persoas necesitadas dunha especial protección.

A Convención sobre os Dereitos da Infancia: aprobada pola Asemblea das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, ratificada por España o 30 de novembro de 1990, e vixente desde o 5 de xaneiro de 1991, onde se recollen e desenvolven os principios enunciados na Declaración dos dereitos do Neno de 1959. As principais ideas contidas neste documento fan referencia ao interese superior do neno ou a nena, a non discriminación, a supervivencia, o desenvolvemento e a participación infantil.

O Convenio de “La Haya”: relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional do 29 de maio de 1993 e ratificado por España o 11 de xullo de 1995.

A Carta Europea dos Dereitos do Neno: resolución A.-0172/92 (Diario Oficial das Comunidades Europeas, 8 de xullo de 1992). Este texto fundamenta a tutela xurídica do neno e a nena desde unha tripla perspectiva que se lle debería garantir: a) unha integración social; b) unha integración familiar e c) unha tutela reforzada pola súa especial debilidade.

Ademais o 25 de setembro de 2015, os líderes mundiais adoptaron un conxunto de obxectivos globais para erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todos e todas, no que se coñece como a Axenda 2030 de desenvolvemento sustentable.

Esta axenda reúne 17 obxectivos e, en cada un, metas específicas que deben alcanzarse nos próximos 15 anos.

A nivel nacional, faremos especial fincapé na Constitución Española de 1978, que establece diferentes mencións respecto da infancia e



Concello de Ponteareas

adolescencia ao longo do seu articulado e na nova Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, que introduce cambios importantes noutras 11 leis anteriores, e harmoniza criterios entre algunhas comunidades autónomas.

Refórzase o dereito dos NNEA a ser escoitados e participar en todos os asuntos que lles sexan de interese.

Aumenta a protección dos nenos fronte á violencia, xa que os fillos de vítimas de violencia de xénero pasan a ser considerados tamén como vítimas e, ademais, preténdese impedir que persoas que teñen antecedentes por delitos sexuais traballen en contacto con NNEA.

A nivel autonómico, é a Xunta de Galicia quen desenvolve a súa actuación dentro do marco de competencias exclusivas que lle atribúe o Estatuto de Autonomía en materia de asistencia social e promoción do desenvolvemento comunitario, pero tamén, a que encomenda ás Entidades Locais a responsabilidade na prestación de servizos sociais comunitarios básicos e específicos e a execución de programas destinados á infancia e á mocidade.

A nivel local, debemos ter en consideración o Regulamento do Consello Municipal de Infancia e Adolescencia do Concello de Ponteareas, aprobado o 26 de novembro de 2019 e publicado no BOP do 18 de novembro de 2020.

Nel establécense as normas de funcionamento deste órgano participativo, de carácter consultivo e informativo, e de representación do conxunto da infancia e adolescencia dentro do municipio.

Por último, este plan inclúe tamén, como marco de referencia o documento **“Construíndo Cidades Amigas da Infancia”** de UNICEF, que describe a posta en marcha dun sistema local de goberno comprometido co cumprimento dos dereitos da infancia, que planifica e leva a cabo as actividades necesarias para involucrar aos/as NNEA de forma activa e desde a perspectiva dos seus dereitos, asegurando un goberno local que toma decisións desde esta perspectiva e garante o acceso igualitario aos servizos básicos.

Este documento inclúe nove elementos que este Plan incorpora como propios:

- **Participación infantil**: promovendo a implicación activa dos nenos e nenas nos asuntos que lles afectan; escoitando os seus puntos de vista e tomándoos en consideración nos procesos de toma de decisións.
- **Un marco legal amigo da infancia**: asegurando unha lexislación, un marco regulamentario e procedementos que sexan consecuentes coa promoción e a protección dos dereitos de toda a infancia.
- **Unha estratexia de dereitos da infancia para todo o**



Concello de Ponteareas

- municipio:** desenvolvendo unha estratexia ou unha axenda detallada para construír unha Cidade Amiga da Infancia baseada na Convención.
- **Unha comisión de dereitos da infancia ou un mecanismo de coordinación:** desenvolvendo estruturas permanentes no goberno local que garantan unha consideración prioritaria á perspectiva da infancia.
 - **Análise e avaliación do impacto na infancia:** garantindo que existe un proceso sistemático previo, durante e posterior á súa aplicación, que analice e avalíe o impacto das leis, as políticas e as prácticas sobre a infancia.
 - **Un orzamento para a infancia:** garantindo o compromiso adecuado sobre os recursos e a análise dos orzamentos dirixidos á infancia.
 - **Un informe periódico sobre o estado da infancia:** garantindo a recollida de información e o adecuado seguimento sobre o estado da infancia e dos seus dereitos.
 - **Divulgación dos dereitos da infancia:** garantindo a sensibilización sobre os dereitos da infancia entre os adultos e os nenos e nenas.
 - **Avogacía independente para a infancia:** apoiando á ONG's e institucións independentes de dereitos humanos que promovan os seus dereitos.

3. Resumo diagnóstico.

Territorio e localización

Ponteareas é un concello da provincia de Pontevedra, situada ao noroeste de España, asentada nas ribeiras do río Tea e, desde a súa fundación a finais do século XV, o centro comercial e a localidade con maior dinamismo das comarcas do Condado e A Paradanta , ao sur da provincia.


Na década pasada experimentou un importante crecemento demográfico, alcanzando os 23.400 habitantes. Actualmente ten arredor de 22.940 hab.

Este municipio ten unha superficie de 125,56 km². Conta con 220 entidades de poboación repartidas en 24 parroquias: Angoares, Arcos, Areas, Arnosó, Bugarín, Celeiros, Cristiñade, Cumián, Fontenla, Fozara, Guillade, Guláns, Moreira, Nogueira, Padróns, Paredes, Pías, Ponteareas, Prado, Ribadetea, San Lourenzo de Oliveira, San Mateo de Oliveira, Santiago de Oliveira e Xinzo. Limita ao norte con Pazos de Borbén; ao leste con Mondariz, Mondariz-Balneario e As Neves; ao sur con Salvaterra de Miño e Salceda de Caselas; e ao oeste con Mos e O Porriño .



Concello de Ponteareas

Dada a súa localización, conta con dúas vías de comunicación importantes como son a estrada N-120 e a autovía A-52, conectando ao concello cos centros máis importantes da súa contorna: Vigo a 25 km, Pontevedra a 45 km, Ourense a 75 km e Portugal a 12 km.



A súa climatoloxía responde a un clima oceánico atlántico, con abundantes precipitacións e temperaturas suaves en inverno (medias de 8,5 °C) e cálidas en verán (medias de 21,5 °C).

O río Tea (afluente do río Miño) atravesa o municipio de norte a sur, situando o centro da vila no centro do seu val e as restantes 23 parroquias nas súas ladeiras, vertebrando así todo o territorio con espazos de produción forestal, de cultivo e de lecer.

O Patrimonio histórico artístico é moi rico e variado. Dispersos por todo o municipio atópanse numerosos e interesantes monumentos, construcións civís e relixiosas, restos arqueolóxicos, etc., que testemuñan de maneira espléndida a memoria histórica, a tradición e o sentir da xente de Ponteareas, como son o castro de Troña, o castelo de Sobroso, o convento de Canedo, as igrexas románicas, os cruceiros e o mesmo río Tea.

Merece mención tamén o patrimonio inmaterial e a vinculación desta vila coa música, a través de compositores recoñecidos como Reveriano Soutullo ou Roxelio Groba, ou a elaboración de alfombras florais con motivo do Corpus Christi, actividade declarada de interese turístico internacional en 2009.


Datos sociodemográficos

O municipio de Ponteareas, segundo o último padrón aprobado en xaneiro de 2019, conta con **22.877 habitantes**, cun total de 11.068 homes, e 11.809 mulleres.




Concello de Ponteareas

Nos últimos dez anos alcanzou o seu máximo en 2011 e desde entón o número de poboación tende a descender, de forma leve pero até o momento progresiva, segundo os datos dos últimos anos.



Poboación total, de 2.009 a 2.019 (Fonte: IGE). Elaboración propia

Neste territorio, como se pode apreciar no gráfico anterior, o número de mulleres é lixeiramente maior que o número de homes durante todo o período analizado.



Poboación total en xaneiro de 2.019 (Fonte: IGE). Elaboración propia

Segundo se observa nesta pirámide, a poboación máis nova, de 0 a 14 anos, supón o 15% do total, concentrándose a maior cantidade de poboación (un 33%) no rango de idade entre os 30-49 anos.

Máis da metade da poboación de Ponteareas ten menos de 45 anos,



Concello de Ponteareas

sendo practicamente o mesmo número de homes que de mulleres, algo que cambia a medida que a poboación envellece, apreciándose unha notable diferenza entre sexos a partir dos 70 anos xa que as mulleres teñen unha maior esperanza de vida.

Cun total de 11.068 homes, e 11.809 mulleres, Ponteareas ten unha taxa bruta de natalidade de 6,78. O número de fillos por muller, segundo o INE, é de 1.08, cunha idade media de maternidade de 32 anos.

Indicadores demográficos de natalidade (Fonte: INE-2.018)

Indicadores demográficos	Taxa Bruta de Natalidade 0/00.	Taxa Bruta de Mortalidade 0/00.	Índice de Envellecemento.	Idade media de Maternidade.	Número medio de fillos por Muller.
Total	6.78	8.18	81.87	31.58	1.08

Movemento natural de poboación (Fonte: IGE-2.019)

Indicadores demográficos	Nacementos	Defuncións	Matrimonios	Saldo vexetativo
Total	172	203	85	-31
Homes	94	101		
Mulleres	78	102		

Da poboación total 22.877 que reside en Ponteareas, 2.086 persoas naceron no estranxeiro, 12.446 naceron neste municipio, 6.410 noutro municipio da provincia de Pontevedra, 846 naceron noutra provincia de Galicia e 1.089 noutras zonas de España.

Poboación segundo o lugar de nacemento (Fonte: IGE-INE-2019)

Poboación segundo o lugar de nacemento	No Municipio de residencia	Outro Municipio da mesma provincia	Outra provincia de Galicia	Outra comunidade autónoma	No estranxeiro
Total	12.446	6.410	846	1.089	2.086

Neste municipio residen un total de 853 persoas estranxeiras dos cales 411 son homes e 442 mulleres, que proceden fundamentalmente de América (369), Europa (355), África (103) e Asia (21), deles, segundo os últimos datos do IGE-2019, a poboación estranxeira menor de 16 anos representa o 12.31%.

Poboación estranxeira, por sexo e idade (Fonte: IGE-2.019)

	Poboación estranxeira	Menor de 16 anos
Total.	853	12.31%
Homes	411	14.60%
Mulleres.	442	10,18%



Concello de Ponteareas


A poboación menor de idade, de 0 a 17 anos, representa case un 19% da poboación do municipio de Ponteareas e, en relación ao xénero, é case homoxénea xa que residen 2.176 homes e 2.101 mulleres.

Poboación menor de idade, por grupos de idade. (Fonte: IGE-INE-Padrón Municipal de habitantes-2.018)

De 0 a 2 anos.	De 3 a 5 anos.	De 6 a 8 anos	De 9 a 11 anos	De 12 a 13 anos	De 14 a 15 anos	De 16 a 17 anos.	Total 0 a 17 anos.	Resto	% de menores de 18 anos
566	610	712	818	519	534	518	4.277	18.577	18,71%

Poboación menor de idade, por idade e sexo (Fonte: IGE-INE- Padrón Municipal de habitantes)

Anos	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17
Total	176	200	190	178	202	230	230	234	248	279	254	287	258	261	269	265	256	262
Homes	78	96	94	104	103	110	129	123	132	140	132	131	119	134	155	129	135	133
Mulleres	98	104	96	74	99	120	101	111	116	139	122	156	139	127	114	136	121	129



Poboación menor de idade, por idade e sexo (Elaboración propia)

Paro rexistrado

En setembro de 2020 foi de 2.002 persoas, cun total de 692 homes e 1.310 mulleres. Do total, 110 son menores de 25 anos.

Concello de Ponteareas

Paro rexistrado, por idade e sexo (Consellería de Traballo e Benestar Social- Setembro 2.020)

Paro rexistrado	Menores de 25.	Maiores de 25.
Total	110	1.892
Homes	51	641
Mulleres	59	1.251

Paro rexistrado, por sexo e nivel de estudos (Fonte: IGE-CEEI-2.020)

Paro rexistrado	Sen estudos	Estudos primarios incompletos	Estudos primarios completos	Estudos secundarios	Estudos post-secundarios
Total	14	335	120	1.238	295
Homes	5	107	52	452	76
Mulleres	9	228	68	786	219

O paro por sectores de actividade divídese en 4, dos cales o que maior índice de paro rexistra é o sector servizos, sobre todo nas mulleres.

Paro rexistrado, por sectores de actividade - (Fonte IGE-Consellería de Traballo e Bienestar)

AGRICULTURA	INDUSTRIA	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS	SEN EMPREGO ANTERIOR
74	225	130	1.379	194

Educación

En relación aos centros educativos, o concello conta con:

- 2 Escolas Infantís (de 0 a 3 anos), unha delas municipal e outra privada.
- 1 CRA (Centro Rural Agrupado de 3 a 5 anos) con 6 escolas en 5 parroquias.
- 5 CEIP (Centros de Educación infantil e Primaria, de 3 a 12 anos de idade), 3 no centro urbano e 2 nas parroquias.
- 2 CPR, Centros privados concertados de infantil, primaria e secundaria no centro urbano.
- 3 IES Institutos de ensino secundario, un deles dispón de estudos de adultos en quenda de tarde.
- 1 CIFP (Centro Integrado de Formación Profesional) "A Granxa".
- O centro "**ASPRODICO**" de titularidade municipal, que traballa con dous sectores de poboación vulnerable: poboación con discapacidade e a poboación infantil de 0 a 6 anos. Conta cun gabinete psicopedagóxico especializado en atención temperá e logopedia.

Centros públicos en funcionamento segundo os ensinamentos que imparten (Fonte: elaboración propia. 2020)

Total	E. Infantil	E. Infantil e Primaria	ESO/bacharelato	CIFP	Adultos/E. Especial
12	1	6	3	1	1



Concello de Ponteareas

Segundo os datos achegados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade no ano 2019, o número de alumnos/as matriculados no ensino obrigatorio foi de 2.817.

Número de alumnos matriculados en centros sostidos con fondos públicos (Fonte: IGE-CCEOU-2.019)

Nº de alumnos matriculados.	Educación Infantil.	Educación Primaria.	ESO
Total	536	1.144	1.137

Número de alumnos/as matriculados, por sexo (Fonte: IGE-CCEOU-2.019)

Número de alumnos matriculados.	Educación Infantil.	Educación Primaria.	ESO
Total	536	1.444	1.137
Homes	295	751	571
Mulleres	241	693	566

Saúde

As persoas empadroadas en Ponteareas teñen como hospital de referencia o Álvaro Cunqueiro, na cidade de Vigo.

Na vila contan cun Centro de Saúde que funciona á súa vez como PAC (Punto de Atención Continuada) de referencia para Ponteareas e para o resto de municipios da comarca (Mondariz, Mondariz Balneario, Covelo, Salvaterra de Miño e As Neves).

Segundo datos fornecidos ao IGE, polo Servizo Galego de Saúde, este municipio conta con 71 profesionais en atención primaria.

Táboa 16: Recursos humanos en atención primaria (Fonte: IGE- Servizo Galego de Saúde - 2.019)

Total	Persoal Médico	DUE	Aux. Enfermaría	Celador	Función Administrativa	Traballadora social	Farma céutico/a	Fisio-terapeuta	Matrona	Odon-tólogo/a	Pediatra
71	24	22	3	4	8	1	1	3	2	1	2

Social

Durante o ano 2019, 254 persoas, foron beneficiarias de axuda de RISGA (Renda de Integración Social de Galicia) das cales 65 eran homes e 189 mulleres. As axudas de inclusión social, (AIS) foron concedidas a 49 persoas, 9 homes e 40 mulleres.

Táboa 17: Beneficiarios de axudas RISGA e AIS (Fonte: IGE- Consellería de Política Social-2.019)

Beneficiarios de axudas.	RISGA	AIS
Total	254	49
Homes	65	9
Mulleres	189	40

Este ano concedéronse 176 axudas (todas as solicitadas) para libros e material escolar por un importe total de 20.000€ destinados a familias



Concello de Ponteareas

con menores a cargo, matriculados nalgún centro de educativo do municipio e que non dispoñen de ningunha outra axuda de organismo público.

As axudas a clubs deportivos inclúen unha cláusula pola que os clubs beneficiarios deberán bonificar as cotas a aqueles nenos, nenas ou adolescentes con menores recursos.

Cultura

Como recursos culturais a disposición da infancia e a adolescencia, conta cunha biblioteca municipal, un auditorio, unha OMIX, unha ludoteca pública, e múltiples Instalacións deportivas. Ademais os centros culturais cos que conta cada parroquia xogan un papel fundamental na dinamización cultural de Ponteareas, polo gran número e a dispersión das súas 24 parroquias.

Táboa 18: Recursos culturais, deportivos, de lecer e tempo libre
(Fonte: IGE-Ministerio de Facenda e Administracións Públicas / Elaboración propia)

Recursos	Biblioteca	Auditorio	Casas da Cultura	Centro Cívico / Social	Parque infantil	Parque Forestal urbano
Total	1	1	28	4	25	1

Deporte

En relación aos **espazos e instalacións deportivas**, este municipio conta con:

- 1 *Complexo Polideportivo Municipal "Álvaro Pino"*
 - 2 pavillóns polideportivos, 1 piscina, 1 ximnasio, 1 sala de fitness, 1 sala de spinning, 1 sala de cross e pistas de pádel cubertas e ao aire libre.
- 1 *Estadio municipal*
 - Campo de fútbol de céspede natural
 - Campo de fútbol de céspede artificial
 - Campo de terra
 - Pista de atletismo/ciclismo
- 4 *pistas de tenis municipais*
- 10 *campos de fútbol, 5 deles de herba natural, 2 de herba artificial e 3 de terra*
- *Pista de petanca*
- *Centro hípico*

Ademais dunha ampla dotación de instalacións polideportivas, destaca o gran número e variedade de clubs deportivos entre os que sobresaen polo seu número os clubs de fútbol e ciclismo, ademais doutros



Concello de Ponteareas

deportes como a patinaxe, o pádel, a equitación, os deportes de montaña, o atletismo, o tenis e o wushu:

- Asociación Deportiva Pontepádel.
- Club Patinaxe Artística LUAR.
- Asociación Deportiva San Esteban de Cumiar.
- Asociación Deportiva Vila do Corpus F.C.
- Club Fútbol Xinzo
- Club Deportivo MINHOFER.
 - Club Ciclista Ponteareas
 - Club Deportivo Cultural Areas
 - Sociedade Deportiva Xuvenil de Ponteareas
 - Club hípico CHAR.
 - Sociedade Deportiva Oliveira
 - Sociedade Deportiva Ponteareas
 - Sporting Club San Mateo
 - Club Xadrez Ramiro Sabell
 - Asociación Deportiva Cultural Picaraña
 - Club Petanca El Parque
- Agrupación de fútbol sala do Condado
- Club Natación Ponteareas
- Club Tenis Ponteareas
- Asociación deportiva Wudang
- Club Sport Factory
- Pena A-AMIL
- Club Carga Positiva
- Club Teabikes
- Fútbol en 40x20, Escola Deportiva
- Escola de Billar
- Club Ciclista Álvaro Pino.
- Os caminantes do Condado.
- Taninos Runners Ponteareas.
- Club Bádminton Ponteareas.
- Club baloncesto Condado.
- Escola de Xadrez
- Club Petanca Ponteareas

Resumo DAFO

- Debilidades	- Ameazas
<input type="checkbox"/> Problemas demográficos, con envellecemento da poboación e éxodo cara a áreas metropolitanas.	<input type="checkbox"/> Futuro incerto derivado da pandemia.
<input type="checkbox"/> Precaria conexión a internet nas parroquias.	<input type="checkbox"/> Dificultades de financiamento froito da crise económica asociada á situación sanitaria actual.
<input type="checkbox"/> Dificultade para a prestación de servizos e transporte na contorna máis rural.	<input type="checkbox"/> Éxodo da xente nova cara ás cidades buscando oportunidades de emprego.
<input type="checkbox"/> Dificultades no acceso ao mercado laboral, especialmente para as mulleres.	<input type="checkbox"/> Economía local demasiado pendente do sector servizos.
<input type="checkbox"/> Escaso coñecemento do patrimonio cultural e natural e a necesidade de actuacións de divulgación.	<input type="checkbox"/> Porcentaxe importante da poboación xuvenil desmotivada e con escasas expectativas



Concello de Ponteareas

<input type="checkbox"/> Insuficiente información sobre futuro académico e profesional. <input type="checkbox"/> Necesidade de formación para as familias sobre o bo uso das novas tecnoloxías. <input type="checkbox"/> Insuficiente información sobre Igualdade de xénero, prevención da violencia, diversidade e convivencia. <input type="checkbox"/> Limitacións de persoal nalgúns departamentos municipais. <input type="checkbox"/> Escaso tecido asociativo xuvenil.	laborais. <input type="checkbox"/> Tendencia descendente da natalidade non compensada suficientemente pola inmigración. <input type="checkbox"/> Ausencia de transporte ferroviario, que pode facer perder competitividade no futuro.
---	---

+ Fortalezas	+ Oportunidades
<ul style="list-style-type: none"> ● Persoal técnico municipal implicado e con experiencia. <input type="checkbox"/> Sensibilidade política por atender aos dereitos da infancia e cumprir cos ODS. <input type="checkbox"/> Comunidade educativa comprometida coa infancia e a adolescencia <input type="checkbox"/> Situación xeográfica con boas comunicacións por estrada coas principais cidades de a provincia. <input type="checkbox"/> Existencia dun patrimonio natural, histórico e cultural de calidade. <input type="checkbox"/> Espazos verdes e zonas rurais próximas que facilitan unha mellor calidade e vida. <input type="checkbox"/> Completa oferta académica dentro do municipio. <input type="checkbox"/> Instalacións, recursos e programación cultural e deportiva ampla e diversa. <input type="checkbox"/> Consello municipal de infancia, creado e en funcionamento con regulamento aprobado e 	<ul style="list-style-type: none"> ● Axenda 2030 e cambios normativos en liña cos dereitos da infancia (<i>lei de protección integral á infancia e a adolescencia</i>). <input type="checkbox"/> O proxecto de cidade amiga da infancia obsérvase como unha oportunidade para seguir mellorando a calidade de vida da poboación. <input type="checkbox"/> Maior conciencia e interese da cidadanía polas formas de goberno máis participativo. <input type="checkbox"/> O uso das novas tecnoloxías ofrecen grandes posibilidades a efectos de garantir a participación e a transparencia.



publicado.

4. Como se elaborou

A elaboración deste I Plan de Infancia e Adolescencia do Concello de Ponteareas é froito da participación activa de todos os axentes implicados na infancia e adolescencia deste concello.

Os traballos iniciáronse en outubro de 2018, coa posta en marcha dun proceso participativo que pretendía mobilizar a nenos, nenas e adolescentes para implicalos na constitución dun órgano estable de participación infantil a nivel municipal, e para iso contouse co apoio dos centros educativos da localidade.

Froito do traballo realizado durante o primeiro ano, resultou o Regulamento do Consello Municipal de Infancia e Adolescencia, que recentemente foi publicado no boletín oficial da provincia (BOP núm 223 de 18 de Novembro de 2020).

En decembro de 2019 constituíuse a mesa de traballo que agrupa ao órgano de coordinación interno composto por persoal técnico e político das distintas áreas municipais.

Nese mesmo momento, e coa colaboración destes técnicos, comezaron os traballos de documentación e análise bibliográfica, coa intención de dar os primeiros pasos na elaboración do diagnóstico de situación.

Tratábase de coñecer a realidade da infancia e adolescencia do municipio, as súas necesidades e demandas; coñecer tamén a opinión dos principais axentes implicados e detectar situacións de vulnerabilidade entre a poboación infantil e adolescente.

Para dar resposta a estes interrogantes, deseñouse unha metodoloxía que incluía ademais dos talleres de participación nos centros educativos, a realización dunha enquisa online, entrevistas a axentes implicados na infancia e adolescencia e reunións con persoal técnico municipal.

Estes traballos que se desenvolvían con normalidade, víronse truncados co decreto do estado de alarma no mes de marzo, o que obrigou a redefinir certos aspectos da metodoloxía prevista, e retomalos no mes de maio con entrevistas telefónicas e reunións telemáticas.

Unha vez coñecida a realidade, e analizadas as demandas e opinións de cada un dos axentes implicados decidimos elaborar un documento base do plan, no que establecemos 5 grandes áreas que estruturasen



Concello de Ponteareas

os retos e obxectivos previstos, así como tamén as actuacións concretas a realizar.

O proceso participativo que caracterizou a realización deste plan continuou coa súa explicación e debate entre os membros do consello municipal de infancia, nas entrevistas individuais co persoal técnico e con responsables políticos nas reunións do órgano de coordinación interno, que foi quen finalmente deu o visto e prace ás actuacións previstas antes da súa redacción final.

5. Estrutura do Plan

A redacción do presente plan topouse de cheo coa COVID-19, que ensombreceu e condicionou calquera outro aspecto a planificar. Aínda así, tratamos de centrarnos nas necesidades e demandas dos nenos, nenas e adolescentes do municipio, e das súas familias, confiando en que as noticias dunha vacina normalicen en certa medida a situación nos próximos meses.

Así, o conxunto das demandas, necesidades e problemas detectados no diagnóstico, súmanse aos cinco obxectivos xenerais da iniciativa Cidades Amigas da Infancia, e aos 17 ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable) da axenda 2030, para ser traballados e incorporados como grandes retos ou prioridades na redacción do primeiro Plan Municipal de Infancia e adolescencia do Concello de Ponteareas.

Eses retos deberán converterse en 19 **obxectivos** a curto e medio prazo para a mellora do benestar e dos dereitos da infancia e a adolescencia do municipio, en cada unha das **5 áreas** de actuación, e articularse en 60 **medidas** que garantan que todos os nenos e nenas teñan acceso a servizos esenciais de calidade; que poidan vivir en contornas seguras e limpas; que sexan valorados, respectados e tratados xustamente; que as súas voces, necesidades e prioridades se escoiten e se teñan en conta á hora de elaborar os orzamentos, as normativas e en todas as decisións que lles afectan; e sobre todo, que todos os nenos e nenas teñan a oportunidade de gozar da vida familiar, o xogo e o lecer.

Prevenición e sensibilización na infancia

RETO: Promover nos nenos e nenas do Concello, unha educación baseada nos valores do respecto, a igualdade, a solidariedade e a non violencia.

Obxectivo 1: Potenciar o desenvolvemento de actividades de promoción das habilidades sociais e da educación en valores.

- **Medida 1.1:** Colaborar cos centros escolares na oferta de actividades de sensibilización/formación que fomenten a adquisición

Concello de Ponteareas

e afianzamento de valores como: empatía, integración, respecto das diferenzas, tolerancia, solidariedade, autoestima, cooperación, inclusión social, traballo en equipo, amizade, non prexuízo e igualdade, entre outros.

- **Medida 1.2:** Por en marcha programas de actividades que favorezan a participación en familia.

Obxectivo 2: Facilitar a NNEA habilidades sociais que lles permitan desenvolverse eficazmente en distintas situacións, establecer relacións sans e axudar na resolución de conflitos.

- **Medida 2.1:** Intensificar os programas de habilidades sociais entre os grupos de menores con maiores necesidades ou en risco de exclusión social.
- **Medida 2.2:** Informar e formar sobre pautas de actuación e recursos ante o acoso escolar.
- **Medida 2.3:** Realizar campañas de información e formación que axuden a identificar e actuar ante situacións de violencia de xénero, malos tratos e/ou abuso.

Obxectivo 3: Incentivar e fomentar a educación intercultural e a atención a diversidade na infancia e adolescencia.

- **Medida 3.1:** Desenvolver programas de intercambio para mellorar o coñecemento de tradicións e culturas.
- **Medida 3.2:** Desenvolver actividades dirixidas a coñecer e respectar ás persoas con diversidade funcional en calquera das súas vertentes.

Obxectivo 4: Proporcionar apoios ás familias no desenvolvemento das súas funcións, reforzando o seu papel como principais transmisores de valores, pautas e habilidades sociais.

- **Medida 4.1:** Incrementar el apoio ás ANPAS no desenvolvemento de programas baseados nos intereses e inquietudes de nais, pais e titores de cada centro.
- **Medida 4.2:** Por en marcha “Escolas de Familias” como espazo de coñecemento e intercambio de experiencias, ademais de nexos de unión entre a familia, a escola e a sociedade.

Atención á infancia en situación de risco e exclusión

RETO: Mobilizar os recursos necesarios para conseguir a perfecta inclusión social dos nenos/as e das familias máis desfavorecidas ou en risco de exclusión.

Obxectivo 5: Desenvolver programas de inclusión e intervencións dirixidas á orientación e reforzo de menores en situación de risco ou exclusión social.

Concello de Ponteareas

- **Medida 5.1:** Reforzar as intervencións nas áreas de traballo e educación social, en familias con menores en situación de risco ou exclusión.
- **Medida 5.2:** Activar protocolos de coordinación entre as distintas entidades e administracións para a detección, intervención e seguimento das familias con menores en situacións de risco de exclusión.
- **Medida 5.3:** Incrementar a colaboración coas entidades que traballan con colectivos con especiais dificultades.

Obxectivo 6: Facilitar ás familias desfavorecidas, con menores a cargo, as prestacións necesarias para garantir unha estabilidade económica, social e familiar.

- **Medida 6.1:** Consolidar e facilitar o acceso ás prestacións económicas para a compra de material escolar.
- **Medida 6.2:** Facilitar o acceso a recursos de conciliación familiar e comedor ás familias con especiais dificultades.
- **Medida 6.3:** Establecer descontos e/ou facilitar o acceso ás instalacións deportivas ou programas deportivos para NNEA en situación de risco ou vulnerabilidade.

Obxectivo 7: Contribuír a paliar a brecha educativa xerada pola COVID-19, previr o fracaso escolar, o abandono educativo e garantir a equidade.

- **Medida 7.1:** Pór en marcha servizos de impresión ou préstamo de equipos informáticos que contribúan a paliar as carencias de recursos en determinados colectivos.
- **Medida 7.2:** Contribuír á posta en marcha de proxectos educativos con medidas específicas que contribúan ao éxito educativo e a prevención do abandono escolar.

Obxectivo 8: Realizar unha xestión transparente das novidades relativas a COVID19.

- **Medida 8.1:** Facilitar información continua e actualizada sobre as novidades relativas a COVID-19, a xestión adecuada dos casos a través do establecemento de protocolos de actuación e coordinación establecidos.
- **Medida 8.2:** Asegurar o cumprimento das medidas de prevención establecidas, limpeza e desinfección de aulas, espazos comúns e instalacións.
- **Medida 8.3:** Garantir o cumprimento das medidas específicas para a Educación Especial e para a Educación Infantil de primeiro Ciclo.

Promoción de dereitos e fomento da participación infantil

RETO: Consolidar o Consello Municipal de Infancia e Adolescencia



Concello de Ponteareas

como órgano estable de participación cidadá e como espazo específico de desenvolvemento da participación infantil e adolescente na vida municipal.

Obxectivo 9: Coñecer a situación da infancia e adolescencia do municipio.

- **Medida 9.1:** Creación dunha comisión de seguimento da situación da infancia e adolescencia do Concello.
- **Medida 9.2:** Elaboración dun informe anual de situación da infancia e adolescencia do Concello.

Obxectivo 10: Diseñar e promover novas accións encamiñadas a dar a coñecer os dereitos dos NNEA.

- **Medida 10.1:** Apoio de aquelas iniciativas que contribúan a facer de Ponteareas unha cidade máis amigable coa infancia.
- **Medida 10.2:** Intensificar os contactos coas ANPAS dos centros escolares para que as súas actividades contribúan á promoción dos dereitos da infancia.
- **Medida 10.3:** Aumentar a implicación de asociacións, clubs, entidades, na celebración de actividades relacionadas cos dereitos da infancia e adolescencia.
- **Medida 10.4:** Difundir os dereitos do neno/nena entre a poboación en xeral, non só entre os/as NNEA dos centros educativos.

Obxectivo 11: Promover a participación entre todos os/as NNEA do Concello.

- **Medida 11.1:** Consolidar a participación no Consello Municipal de Infancia e Adolescencia, incrementando o número de nenos/as que participan e tamén o número de sesións de traballo que se realizan.
- **Medida 11.2:** Manter actualizado un espazo na web do concello destinado a recoller ideas, suxestións e necesidades dos/as NNEA.
- **Medida 11.3:** Creación e posta en funcionamento dunha “caixa de suxestións infantil” nos edificios municipais coa finalidade de promover o seu dereito de participación.
- **Medida 11.4:** Dar maior visibilidade ao traballo dos órganos de participación infantil e ao seu labor nos centros educativos, especialmente nas redes sociais.
- **Medida 11.5:** Comunicar as propostas e conclusións das reunións do Consello municipal de infancia e dos Plenos Infantís, ás distintas concellarías.
- **Medida 11.6:** Fomentar a participación dos NNEA do Consello Municipal de Infancia e Adolescencia en grupos de traballo ou actividades a nivel provincial, autonómico e nacional.

Área de cultura, deportes, lecer e tempo libre



Concello de Ponteareas

RETO: Consolidar unha oferta cultural, lúdica e deportiva, variada e segura, que de maneira transversal ensine a traballar en equipo, promova o respecto e fomente valores de igualdade, tolerancia e responsabilidade.

Obxectivo 12: Reforzar a oferta cultural dedicada aos/as NNEA, en especial ao público infantil e as súas familias.

- **Medida 12.1:** Incrementar a oferta de actividades para familias con menores.
- **Medida 12.2:** Redefinir o espazo de ludoteca para adaptalo á nova normalidade.
- **Medida 12.3:** Facer partícipes aos NNEA e as súas familias no deseño e avaliación da oferta cultural, mediante enquisas, propostas,...

Obxectivo 13: Impulsar a programación deportiva para ao fomento do lecer saudable.

- **Medida 13.1:** Fomento das actividades lúdico-deportivas nos períodos vacacionais como medida de conciliación familiar.
- **Medida 13.2:** Programación de actividades deportivas, con carácter solidario, popular e ou familiar.
- **Medida 13.3:** Posta en marcha dun servizo de asesoramento e orientación sobre nutrición, actividade física e saúde.
- **Medida 13.4:** Posta en marcha de programas deportivos adaptados a NNEA con necesidades educativas especiais.

Obxectivo 14: Mellorar as instalacións e recursos dedicadas á cultura, o deporte e o lecer dos/as NNEA.

- **Medida 14.1:** Aumento dos recursos e melloras nas instalacións para as actividades lúdico deportivas, con espazos máis seguros e versátiles.
- **Medida 14.2:** Revisión e adaptación das áreas de xogo infantís.
- **Medida 14.3:** Deseño de novos espazos ao aire libre, aproveitando os recursos medio ambientais e patrimoniais.

Obxectivo 15: Fomentar nos nenos e nas nenas o sentimento de pertenza e respecto polo concello e a súa contorna.

- **Medida 15.1:** Promoción das actividades didácticas dirixidas ao coñecemento do patrimonio cultural e medio ambiental do concello.
- **Medida 15.2:** Implantación de medidas para diminuír a contaminación do aire, especialmente os niveis de óxido de nitróxeno para crear unha contorna máis saudable e facer fronte ao COVID-19.
- **Medida 15.3:** Realización de actividades que fomenten os valores de respecto á contorna, o consumo responsable e as actuacións



Concello de Ponteareas

ecolóxicas.

Saúde, calidade de vida e medio ambiente

RETO: Facer de Ponteareas un concello saudable, recoñecible pola súa calidade de vida e polo respecto e coidado do medio ambiente.

Obxectivo 16: Contribuír ao mantemento da saúde da veciñanza.

- **Medida 16.1:** Establecer medidas de prevención, hixiene, sinalización e desinfección necesarias para garantir a correcta utilización dos espazos públicos, zonas escolares, etc.
- **Medida 16.2:** Intensificar o control e cumprimento das medidas establecidas para controlar a propagación dos contaxios de COVID-19.
- **Medida 16.2:** Reforzar a coordinación cos centros de saúde, para coñecer mellor o nivel de saúde física e mental de NNEA.

Obxectivo 17: Implantar medidas de seguridade para garantir o desenvolvemento seguro das actividades de lecer e tempo libre dos NNEA e adolescentes.

- **Medida 17.1:** Creación de itinerarios peonís que aseguren a accesibilidade e mobilidade sostible dos NNEA.
- **Medida 17.2:** Limitación da velocidade a 20 km/h con prioridade peonil para garantir a seguridade da poboación.
- **Medida 17.3:** Peonalización de parte do centro urbano en datas concretas.
- **Medida 17.4:** Creación de máis espazos na rúa para as persoas e por tanto para a infancia e adolescencia.
- **Medida 17.5:** Realización de actividades específicas con motivo da Semana Europea da mobilidade, día da bici,...

Obxectivo 18: Favorecer a autonomía dos/as NNEA, mellorando a accesibilidade a/nos centros educativos e fortalecendo a seguridade viaria do municipio.

- **Medida 18.1:** Promoción do bo uso e coidado, dos parques, xardíns e lugares de actividade recreativa.
- **Medida 18.2:** Impulso de programas e accións relativas á seguridade viaria nos centros educativos e na súa contorna.
- **Medida 18.3** Eliminación das barreiras arquitectónicas existentes nos centros de ensino públicos.

Obxectivo 19: Promover hábitos de vida saudable.

- **Medida 19.1:** Deseño de actividades para a promoción de hábitos alimenticios saudables.
- **Medida 19.2:** Desenvolvemento de programas de prevención da obesidade infantil e de trastornos da alimentación.



Concello de Ponteareas

- **Medida 19.3:** Posta en marcha de actividades relacionadas coa prevención do consumo de todo tipo de drogas.

6. Temporalización e destinatarios/as.

Temporalización

As actuacións programadas para este I Plan de Infancia e Adolescencia do Concello de Ponteareas, están baseadas nas achegas dos/as NNEA do concello, adultos e axentes relacionados/as coa infancia e adolescencia e pretenden facer efectivos os obxectivos previsto no epígrafe anterior, ademais de eliminar as carencias detectadas, apoiar e mellorar as potencialidades para facer de Ponteareas un municipio amigo da infancia durante o próximos catro anos.

Durante o período 2020-2023 levaranse a cabo as medidas que nel se contemplan, en función das prioridades que ano a ano se marquen por parte do órgano de coordinación interna en materia de infancia e adolescencia e do propio Consello Municipal de Infancia e Adolescencia.

Destinatarios/as

Os principais beneficiarios do plan son os veciños e veciñas de Ponteareas menores de 18 anos, englobando así a etapa da infancia e a adolescencia, en atención á Convención dos Dereitos do Neno, que considera menores a todos os seres humanos que posúan menos de dezaioito anos.

Pero ademais son destinatarios/as deste Plan de Infancia e Adolescencia os seguintes:

- **Os pais, as nais e titores e titoras dos nenos e nenas** de Ponteareas, xa que son os responsables, en xeral, do coidado e educación dos menores.
- **As asociacións, clubs e entidades privadas** que dirixen as súas accións á promoción e protección dos menores, e as administracións que no ámbito local atenden á poboación infantil e adolescente.
- **Os/as profesionais** de todo tipo, que desenvolven a súa actividade na atención á infancia.

7. Seguimento e avaliación do plan.

A execución e seguimento deste Plan correspóndelle ao Concello de Ponteareas, máis concretamente ás concellarías de Educación e Mocidade, garantindo a posta en marcha das accións incluídas nel e a súa avaliación periódica, debendo involucrar para o seu correcto desenvolvemento a todas as institucións públicas e privadas relacionadas coa infancia e a adolescencia que consideren oportunas.

Avaliación das actuacións.-



Concello de Ponteareas

Preténdese que cada unha das actuacións inclúa un apartado de avaliación que dea resposta aos indicadores establecidos, e que terán relación, á súa vez, cos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030.

A avaliación do Plan.-

Preténdese facer un seguimento dos obxectivos marcados no Plan de Infancia e adolescencia e do seu grao de cumprimento unha vez cumprida a metade de vixencia do plan; e unha avaliación final coas conclusións e os resultados obtidos, unha vez finalizados o catro anos de vixencia do mesmo.

O órgano de coordinación interna en materia de Infancia e Adolescencia será o encargado de promover a execución e o seguimento das actuacións programadas, garantindo a súa adecuada aplicación ou tomando as medidas necesarias para a súa correcta execución.

O Consello Municipal de infancia deberá recibir os correspondentes informes de avaliación e execución do Plan para poder realizar as súas funcións de seguimento e propostas de mellora; ademais de promover a participación do resto de axentes relacionados coa infancia e adolescencia no Concello, en especial, do resto de NNEA na execución, seguimento e avaliación do Plan.

Indicadores:

Para o correcto seguimento de cada unha das actuacións contidas nas diferentes áreas do Plan estableceranse indicadores de avaliación.

Estes indicadores serán revisados periodicamente, e constituirán a principal ferramenta de seguimento e avaliación das actuacións propostas en cada unha das áreas.

Para facilitar a medida de logros acadados, os indicadores de avaliación de cada unha das actuacións poderán conter metas anuais.

Memoria:

Establécese como obrigada a realización dunha memoria de actividades anual que recolla aspectos cuantitativos e cualitativos de cada unha das actuacións realizadas nese período.

8. Recursos.

Para poder levar a cabo este I Plan de infancia e adolescencia o Concello de Ponteareas precisa de:

Recursos humanos

- Propios:



Concello de Ponteareas

Responsables políticos e técnicos de cada unha das áreas, departamentos ou concellarías colaborarán de forma activa no desenvolvemento e execución do Plan de Infancia e Adolescencia.

- Externos:

Docentes dos centros escolares.
Persoal doutras Administracións colaboradoras.
Responsables técnicos de asociacións, clubs ou entidades relacionadas coa Infancia.
Persoas voluntarias que colaboran nas actuacións.
Asistencias técnicas encargadas da realización e/ou dinamización das actividades.

Recursos materiais

Equipamentos, locais e espazos de titularidade municipal, así como os que outras administracións, entidades e asociacións poidan ofrecer.

Recursos financeiros

Dada a transversalidade e integración das accións incluídas neste Plan, o goberno municipal comprométese a ter en conta nos futuros orzamentos municipais as partidas económicas necesarias para a correcta implementación deste en todas as áreas, departamentos e concellarías municipais.

Ademais, cada departamento deberá consignar a contía necesaria para o desenvolvemento daquelas actividades dirixidas á infancia e adolescencia que lle afecten, tratando de incluír para o seu financiamento recursos externos (convenios de colaboración, subvencións, axudas, etc...) sempre que sexa posible.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

Documento asinado electronicamente